



Guía Docente

Datos Identificativos					2014/15
Asignatura (*)	Novas tecnoloxías da información e a comunicación aplicadas á intervención logopédica		Código	652G04032	
Titulación					
Descritores					
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos	
Grao	2º cuatrimestre	Terceiro	Optativa	4.5	
Idioma	CastelánGalego				
Prerrequisitos					
Departamento	Pedagogía e Didáctica				
Coordinación	Iglesias Amorin, Fernando	Correo electrónico	f.amorin@udc.es		
Profesorado	Iglesias Amorin, Fernando	Correo electrónico	f.amorin@udc.es		
Web					
Descrición xeral	<p>A materia de novas tecnoloxías fará fincapé sobre o coñecemento e aplicación das ferramentas das tecnoloxías da información e a comunicación para o deseño, desenvolvemento e avaliación de propostas educativas na intervención logopédica.</p> <p>Pretende que o alumando desenvolva capacidades na selección de recursos TIC e o manexo de software para crear propostas de intervención enfocadas tanto á prevención coma o tratamento das dificultades de aprendizaxe relacionadas co desenvolvemento da linguaxe.</p>				

Competencias da titulación

Código	Competencias da titulación

Resultados da aprendizaxe

Competencias de materia (Resultados de aprendizaxe)	Competencias da titulación		
Coñecer e analizar de forma crítica o papel das TIC na sociedade da información e na educación en particular, como recurso para o desenvolvemento das capacidades lingüísticas e o acceso a aprendizaxe.	A20 A23 A32	B1 B13 B23	C6 C8
Atender á diversidade na selección, produción e aplicación dos recursos tecnolóxicos para a intervención nos procesos de adquisición e desenvolvemento da linguaxe.	A20 A23 A32	B1 B13 B23 B24	
Coñecer diferentes ferramentas de software para a produción de materiais multimedia como recursos na prevención e intervención dos diferentes trastornos da linguaxe.	A20 A23 A32	B1 B13 B23 B24	C3 C6 C8
Seleccionar e avaliar recursos TIC educativos para a prevención e intervención dos diferentes trastornos da linguaxe no desenvolvemento das habilidades lingüísticas.	A20 A23 A32	B1 B13 B23 B24	C3 C6 C8
Adaptar os recursos tecnolóxicos atendendo as características individuais na intervención dos procesos de adquisición e desenvolvemento da linguaxe.	A20 A23 A32	B1 B13 B23 B24	C3 C6 C8



Deseñar e producir recursos multimedia para a intervención nos procesos de adquisición e desenvolvemento da linguaxe.	A20 A23 A32	B1 B13 B23 B24	C3 C6 C8
Coñecer ferramentas de traballo colaborativo para a produción de recursos educativos multimedia e proxectos que permitan favorecer a adquisición e desenvolvemento da linguaxe.	A20 A23 A32	B1 B13 B23 B24	C3 C6 C8
Desenvolver dinámicas de traballo colaborativo a través da rede no deseño e produción de materiais educativos para favorecer o desenvolvemento da linguaxe con tecnoloxías da información e a comunicación.	A20 A23 A32	B1 B13 B23 B24	C3 C6 C8

Contidos	
Temas	Subtemas
MÓDULO I: Novas tecnoloxías e atención a diversidade.	<ol style="list-style-type: none"> Novas tecnoloxías e sociedade da información. Enfoques educativos no uso das TIC. Novas tecnoloxías e accesibilidade. Atención a diversidade con medios tecnolóxico-didácticos.
MÓDULO II: Creación de contidos e elaboración de recursos multimedia para a avaliación e intervención logopédica.	<ol style="list-style-type: none"> Selección e avaliación de recursos multimedia para a intervención logopédica. Programas de software libre, gratuito e comercial para a elaboración de recursos multimedia. Creación de contidos multimedia para a atención á diversidade e o tratamento das dificultade e alteracións da linguaxe.
MÓDULO III: Recursos e ferramentas na rede para a intervención logopédica.	<ol style="list-style-type: none"> Recursos e redes sociais para compartir produtos multimedia para a avaliación e intervención nos procesos de adquisición da linguaxe. Ferramentas para a xestión, creación e publicación de contidos. Cooperación e colaboración na rede entre profesionais da logopedia.

Planificación			
Metodoloxías / probas	Horas presenciais	Horas non presenciais / traballo autónomo	Horas totais
Sesión maxistral	6	12	18
Discusión dirixida	1	2	3
Prácticas a través de TIC	26	58	84
Proba oral	1	4.5	5.5
Atención personalizada	2	0	2

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Sesión maxistral	<p>Na actividade de sesión maxistral traballaránse os contidos que conforman o marco teórico mediante a exposición oral, guiada co uso de presentacións, de medios audiovisuais e coa introdución de cuestións dirixidas ao alumnado coa finalidade de favorecer a aprendizaxe e a construción do coñecemento.</p> <p>Realizarase unha exposición xeral introdutoria de cada un dos distintos temas de que consta o programa, indicando os aspectos que o alumnado debe ampliar co seu traballo persoal, coas oportunas orientacións bibliográficas.</p>



Discusión dirixida	Mediante esta dinámica abordanse diversas temáticas orientadas a que o alumnado reflexione sobre a importancia das TIC na sociedade e na intervención logopédica en particular. Analizaranse os distintos factores que inciden na súa integración para desenvolvemento da intervención profesional, co obxecto de favorecer a construción dunha visión crítica das diferentes formas de abordar o traballo coas TIC nos seus diferentes ámbitos de intervención como logopedas.
Prácticas a través de TIC	<p>En torno aos diferentes temas propórase a realización de pequenos traballos de grupo baseados en prácticas a través de TIC. Estas actividades iniciaranse na aula e deberán ser completados mediante o traballo autónomo do alumnado, atendendo as indicacións que se proporcionarán a través da atención personalizada do profesor aos diferentes grupos.</p> <p>Para a realización destes traballos tomaranse como referencia tanto os materiais básicos da materia así como outros complementarios. Basearanse no traballo con distintos recursos na rede, con distintos programas de software gratuito e ferramentas de autor e coa pizarra dixital. Finalmente, a través da exposición na aula, cada grupo compartirá os traballos realizados cos demais grupos.</p>
Proba oral	A proba oral constituirá unha actividade final da materia con carácter avaliativo a través da que o alumnado deberá realizar a presentación dos traballos realizados a través das sesións de prácticas TIC facendo un tratamento global e integrado dos coñecementos adquiridos, de acordo co conxunto de contidos abordados en torno ás diferentes dinámicas de traballo.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Prácticas a través de TIC	<p>A atención personalizada que se describe para esta metodoloxía concíbese como momentos de traballo presencial co profesor para a atención e seguimento do traballo realizado por cada grupo. Implican unha participación obrigatoria para o alumnado.</p> <p>As tarefas realizaranse en pequenos grupos de traballo. Implican o uso de programas de software libre, gratuito e comercial así como o uso da rede de Internet para a creación de recursos multimedia e ferramentas na rede.</p> <p>A forma e o momento en que se desenvolverá a atención individualizada indícarase en relación a cada actividade ao longo do curso segundo o plan de traballo da materia.</p>

Avaliación

Metodoloxías	Descrición	Cualificación
Proba oral	<p>Esta proba centrarase na presentación oral dos traballos desenvolvidos en torno aos traballos realizados nas prácticas TIC. Valorarase:</p> <ul style="list-style-type: none">- Relevancia e organización dos contidos expostos.- Coordinación da exposición (que reflicta un traballo colaborativo, non unha suma de partes).- Nivel de comprensión dos contidos básicos.- Claridade expositiva.	30
Prácticas a través de TIC	<p>En relación ás Prácticas TIC valorarase:</p> <ul style="list-style-type: none">- A adecuación metodolóxica das propostas de traballo.- A profundidade do contido.- O dominio das aplicacións utilizadas na elaboración das propostas educativas.- O tratamento dunha linguaxe propia do contexto disciplinar.- A utilización de fontes documentais complementarias e actuais.- A organización e presentación.	70
Outros		

Observacións avaliación



1. OPCIÓN DE AVALIACIÓN:

Opción A. Alumnado cunha

asistencia/participación nas actividades de clase mínima do 80%; a) Elaboración das prácticas en pequeno grupo (70%); b) Presentación das prácticas de grupo (30%).

Opción

B. Alumnado

con recoñecemento de dedicación a tempo parcial e dispensa académica de exención de asistencia, segundo establece a "NORMA QUE REGULA O RÉXIME DE DEDICACIÓN AO ESTUDO DOS ESTUDANTES DE GRAO NA UDC (Arts. 2.3; 3.b e 4.5) (29/5/212). Alumnado cunha

asistencia/participación nas actividades de clase inferior ao 80%; a) Elaboración individual das prácticas (70%); b) Presentación individual das prácticas (30%).

2. OBSERVACIÓNS

ADICIONAIS: Para

superar a materia é necesario obter unha puntuación do 50% do peso de cada unha das partes obxecto de avaliación (Prácticas TIC e Proba oral).

Fontes de información

Bibliografía básica

Bibliografía complementaria

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observacións

Asistir ás sesións presenciais. Realizar o traballo de forma continua ao longo de todo o curso.

Levar a cabo un adecuado traballo en equipo e cooperativo.

Asistir a titorías sempre que se teñan dúbidas.

Traballar de forma individual e en grupo con todos os documentos, artigos, presentacións e demais recursos de cada bloque.

Preparar de forma adecuada as presentacións orais.

Realizar algún curso de manexo de ferramentas informáticas que ofrece a AFI se for preciso.

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías